

Como facer un comentario de texto:

Texto de exemplo: Mito da caverna de Platón, na obra a República.

0. Antes de facer un comentario de texto é preciso ler o texto que se nos presenta a comentar hai que localizar e subraiar os conceptos filosóficos que consideramos máis importantes e que teremos que tratar de definir ou explicar dentro do comentario de texto.

1. A primeira parte do comentario debe ser sinalar o tema do texto. Por exemplo:

O tema do texto que se nos presenta para comentar pode ser formulado de diversas maneiras en función do que nos queiramos destacar para posteriormente dirixir o noso comentario por ese camiño. Por exemplo: O dualismo ontolóxico e as súas vertentes na teoría do coñecemento e na teoría política de Platón.

2. Unha vez sinalado o tema e antes de comezar o comentario do propio texto debemos contextualizalo historicamente dentro das etapas da filosofía e dentro da obra ou das etapas do pensamento do autor. Por exemplo:

O contexto de Platón é Período Clásico. (s.V a.e.) Período de esplendor do modelo político da polis ou cidade-estado e no que Atenas se sitúa como o centro de influencia de Grecia durante a chamada Democracia Ateniense. Dentro da historia da filosofía tamén debemos sinalar que a esta etapa se lle chama Historia Antiga.

Platón nace en Atenas no ano 427 a.c. Foi discípulo de Sócrates, a quen coñece no 407 a.c. e cuxa morte a mans da asemblea de Atenas o marcará de por vida xa que comeza a escribir os diálogos nos que Sócrates será o seu principal interlocutor e que serán clasificados por Jaeger como os seus escritos de xuventude (entre eles están a Apoloxía, entre outros). Comeza unha serie de viaxes a Siracusa tras as cales funda no 387 a.c. a Academia. Esta etapa vai ser clasificada como de transición (a ela pertencen o Menón, entre outros). Volverá intentar en máis ocasións levar a práctica o seu iderario político recollido na obra A República (pertencente a etapa de madurez, entre outras) mais de novo fracasará e na vellez reformulará o seu pensamento político nun novo diálogo titulado As Leis (pertencente a etapa revisionista). Morrerá no 347 a.c. consagrado como unha das bases principais da cultura occidental.

Neste sentido hai que sinalar que o texto a comentar pertence a súa etapa da madurez, e en concreto a obra A República na que formulará por primeira vez o seu dualismo ontolóxico e a súa concepción do mundo das ideas.

3. Unha vez situado e contextualizado o texto xa se pode pasar a comentar o que di o texto. Hai que afondar na teoría filosófica, conceptos específicos e explicación das teses principais do texto a comentar. O cal debe ser explicado afondando no que di a partir dos coñecementos que tedes. Por exemplo:

O mito da caverna é un diálogo escrito por Platón, no que o seu mestre Sócrates e o seu irmán Glaucón falan sobre a educación e o proceso do coñecemento. Sócrates pide a Glaucón que imaxine a un grupo de prisioneiros que se atopan encadenados detrás dun muro, dentro dunha caverna. Alí, un lume ilumina ao outro lado do muro, e os prisioneiros ven as sombras proxectadas polos obxectos. Sócrates dille a Glaucón que os prisioneiros cren que o que están observando é o mundo real, sen saber que son en verdade esas sombras. Despois un dos prisioneiros é liberado das cadeas que tiña postas e empezou a subir ao exterior da caverna. Con dificultade irase acostumando pouco a pouco a luz no exterior, primeiro mirará o reflexo das cousas na auga dos ríos e acabará mirando as cousas no exterior, a luz e incluso o sol. Posteriormente o prisioneiro liberado tratará de volver a caverna a liberar aos outros presos, mais atopará que moitos deles prefiren quedar na que consideran a verdadeira realidade, e o tomarán e el por tolo.

O mito da caverna explica a teoría ontolóxica e gnoseolóxica de Platón, e está cheo de simboloxía a cal procedementos a explicar.

Para comezar a caverna representa o mundo sensible, a realidade tal como nos a coñecemos e que para Platón é mera aparencia. Neste sentido tamén se vincula ao coñecemento sensible, tamén denominado opinión (doxa). Esta forma de coñecemento a súa vez divídese en dous graos distintos. Por un lado o grao máis inferior denomínase imaxinación (Eikasia) e vincúlase a cando o prisioneiro ve as sombras dos obxectos que pasan por detrás del e que non pode ver reflexados na parede de diante, único que el pode ver e que pensa que é a verdadeira realidade. Estas sombras representan as imaxes que nos facemos ao ver sombras e reflexos das cousas. O grao máis elevado do coñecemento sensible é a crenza (pistis), a cal se vincula a cando o prisioneiro é liberando, e aínda estando dentro da caverna ve os obxectos que causaban as sombras da parede. Estes obxectos representan os obxectos sensibles, como os animais, as prantas e os obxectos fabricados.

Por outro lado o exterior da caverna representa o mundo intelixible ou das ideas, a realidade tal como é verdadeiramente, e que poucas persoas coñecen. Neste sentido tamén se vincula ao coñecemento intelixible, tamén denominado ciencia (episteme). Esta forma de coñecemento a súa vez divídese en dous graos distintos. Por un lado o grao inferior denomínase pensamento racional ou matemáticas (dianoia) e vincúlase a cando o prisioneiro liberado sae o exterior da caverna, e nun primeiro momento non dá mirado aos obxectos exteriores directamente e mira os seus reflexos na auga. Estes reflexos representan as figuras xeométricas, e en xeral as ideas matemáticas. Como vemos as matemáticas teñen unha gran importancia para Platón xa que son un paso previo e necesario para o coñecemento das ideas. Neste sentido, o grao superior do

coñecemento intelixible é a dialéctica ou coñecemento (noesis) e vincúlase a cando o prisioneiro liberado mira directamente aos obxectos no exterior da caverna, e chega a mirar incluso o sol. Estes obxectos exteriores representan as ideas, as verdadeiras esencia das cousas que se atopan no mundo intelixible.

Por outra parte o sol representa a idea de Ben, a cal é para Platón a idea máis elevada, o que amosa o transfondo ético e político do pensamento platónico, xa que Platón vai compartir con Sócrates o intelectualismo moral o cal vincula a ética co coñecemento, xa que coñecer o ben é necesario e suficiente para facer o ben. Por outra parte tamén ten a interpretación política de que os que deben gobernar son os filósofos xa que son os que coñecen de verdade o ben, e con ilo, o que é mellor para a comunidade política.

Hai que sinalar, para acabar con esta explicación da simboloxía que en conxunto a saída do prisioneiro da caverna representa o proceso ascendente do coñecemento da realidade dende o grao máis inferior ata o superior, o coñecemento das ideas. O mito expresa a dificultade e o gradual que é este proceso, o cal tamén se trata do proceso da educación. Como vemos, o alumnado no comezo pensa que xa coñece a realidade e que non necesita axuda nin máis coñecementos, pero con traballo e pouco a pouco vaise dando conta da súa propia ignorancia e de todo o que descoñecía, e acaba agradecendo toda esa labor pedagóxica que nun comezo podía ata detestala.

Neste sentido, como vimos, o fundamental do mito da caverna é o dualismo ontolóxico e a prioridade ontolóxica que ten o mundo intelixible ou das ideas sobre o mundo sensible, o cal é mera aparencia. Por outra parte tamén os graos do coñecemento e o procedemento que hai que pasar de ignorante a filósofo. E por último, podemos sinalar a súa vertente no plano da teoría política. Como vemos para Platón os que deben gobernar son os filósofos, xa que son os que coñecen a verdadeira realidade das cousas e aquilo que é mellor para a comunidade política. Por outro lado os gobernantes non teñen que ser aqueles que queiran selo, senón aqueles que estean máis preparados e teñan máis coñecementos. Ademais tal como amosa a volta do prisioneiro liberado a caverna os filósofos non poden despreocuparse da situación na que viven as demais persoas e quedarse no contemplativo, teñen que porse a disposición da comunidade política e facer o mellor que poidan pola mesma. En resumo Platón defende unha aristocracia intelectual a que tamén denominan sofocracia.

4. En relación co punto anterior, e dentro do propio comentario cabe facer comparacións da filosofía que se nos presenta coa de outros autores, así como facer referencia as influencias recibidas e as exercidas polo autor ou autora do texto. Este é un aspecto flexible do comentario que pode ir coa contextualización.

Como influencias previas hai que sinalar por un lado a Sócrates, cuxa forma de facer filosofía influiría en Platón en canto a filosofía sempre ten que ser dialóxica, reflexiva e racional. Neste sentido o método socrático vai a influír a súa concepción do método

dialéctico como forma máis elevada do coñecemento.. Ademais tamén hai que sinalar que a teoría das ideas de Platón ten como obxectivo fundar ontoloxicamente o universalismo socrático segundo os cales conceptos como a virtude ou a valentía teñen que ser universal e eternamente válidos, e non relativos, tal como defenden os sofistas. Por outra parte tamén hai que sinalar os monismos ontoloxicos de Parménides e Heráclito como influencias do seu dualismo ontoloxico, en tanto que o mundo das ideas vai a estar influído pola concepción de Parménides en canto que as ideas van a ser definidas de forma similar ao ser parmenídeo en tanto que son únicas, estáticas, eternas, permanentes e perfectas. Por outro lado, a súa concepción do mundo sensible vai a estar influído pola concepción heracliteana segundo a mal a realidade é puro devir, movemento dialéctico, multiplicidade e loita de contrarios. Mais como veremos, o mundo das ideas vai a ter prioridade ontoloxica sobre o mundo sensible, o cal Platón verá como unha mera imitación e como unha versión degradada e corruptible do mesmo.

[as influencias previas poden situarse tanto despois como antes do comentario. Neste sentido tamén poden ir despois do contexto e en relación ao mesmo]

A filosofía platónica pódese comparar coa filosofía aristotélica en tanto que Aristóteles vai a criticar o dualismo ontoloxico platónico e a súa concepción do mundo das ideas. Para iso vai a empregar o argumento do terceiro home a través do cal aplicando unha redución ao absurdo dirá que faría falta modelos intermedios entre os homes particulares e a idea de home para saber que comparten en común, e isto mesmo habería que repetilo infinitamente, polo que non ten sentido formular a existencia de tantas entidades. Neste sentido contra o dualismo ontoloxico Aristóteles defenderá que existe unha única realidade, a dos seres particulares. Outros filósofos en épocas da filosofía posteriores como na filosofía contemporánea co caso de Nietzsche tamén van a criticar o dualismo ontoloxico de Platón e a súa concepción dun mundo máis alá do noso que fose máis verdadeiro e importante que este no que desenvolvemos a nosa vida. Outros filósofos como Popper van a criticar a súa concepción política expresada na obra a República ao rexeitar ideas como a dos reis-filósofos ou a das clases sociais fixas e estancas, as que vincularán cunha sociedade fechada.

Como influencias posteriores hai que sinalar que moitos pensadores e pensadoras van a situar a Platón como o máis grande filósofo da historia. Nietzsche aínda dende unha vertente crítica vai a considerar que Platón vai a influír de forma fundamental ao pensamento xudeo-cristiano e a súa concepción dun mundo máis alá do terrenal. Neste mesmo sentido debemos sinalar a gran influencia que Platón terá na época medieval en filósofos como Santo Agostiño de Hipona quen tratará de unir e sintetizar o pensamento cristiá co pensamento platónico, como expresión do máis elevado pensamento da antigüidade. Por outra parte o seu modelo utópico da República influirá no renacemento e noutras épocas outros modelos de utopías políticas como é o caso da propia Utopía de Tomás Moro. Por outro lado a súa crítica ao coñecemento que nos proporcionan os nosos sentidos e a súa metáfora dunha caverna para expresar que vivimos nunha falsa realidade vai a ter unha gran

influencia tanto na época contemporánea en pensadores como Descartes, e na etapa contemporánea en concepcións como a de Hilary Putnam e o experimento mental dun cerebro nunha cubeta, que chegará ao gran público a través do obras cinematográficas como Matrix. En resumo, Platón vai a ser un dos autores con máis proxección no pensamento posterior.

5. Unha vez feito o comentario queda facer unha breve conclusión na que se pode apelar a importancia do pensamento do autor polo que se nos pregunta, ou do tema que se está a tratar, ou que pola contra se pode aproveitar para criticar ou defender o texto ou a filosofía do autor. Por exemplo:

En conclusión, tal como sinalamos anteriormente, Platón é un dos pensadores máis importantes da historia da filosofía ao pór as bases do primeiro gran sistema filosófico e ao elaborar algunhas das teorías máis complexas para explicar a realidade e o coñecemento como a expresada neste texto en torno ao dualismo ontolóxico e os diferentes graos do coñecemento. Neste sentido cómpre sinalar que é un autor imprescindible e o mito da caverna é un dos textos indispensables para a formación intelectual de calquera persoa. Quero pór en valor especialmente a interpretación política deste texto na que se sinala que os filósofos non deben quedarse só no contemplativo, senón que debe tratar de facer o posible por educar as demais persoas e facer o que poida pola súa comunidade, chegando incluso a gobernar ou colaborar no goberno da súa comunidade política.

En resumo:

0. Ler o texto e subraiar o máis importante
1. Tema do texto
2. Contextualización
3. Comentario do texto
4. Comparación con outros autores e influencias
5. Conclusión